

COORDINADORES



Rosario Correia Machado. Directora do Centro de Estudos do Románico e Copresidenta científica da Rota do Románico.



Pedro Calaza. Doutor Arquitecto da Paisaxe e Doutor Enxeñeiro Agrónomo. Experto en planificación e proxectos da Paisaxe.

RELATORES



Isabel Aguirre. Arquitecta pola Universidad de A Coruña, directora da Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega e membro do Comité de Directores da Escola do European Council of Landscape Architecture Schools. Entre as distincións que recibiu destacan o Premio Nacional de Arquitectura "Manuel de la Dehesa" e o Premio Europeo de Intervención no Patrimonio Arquitectónico.



Paulo Almeida Fernandes é doutor en Historia da Arte (2017) pola Universidade de Coimbra, coa tese Matéria das Astúrias. Ritmos e realizacións da expansión asturiano-leonesa no ocidente peninsular. Séculos VIII-X. É mestre en Arte, Património e Restauo. Membro integrado do Centro de Estudos en Arqueoloxía, Artes e Ciencias do Patrimonio (Universidade de Coimbra) e colaborador do Instituto de Estudos Medievais (Universidade Nova de Lisboa), a súa investigación centrase no impacto do culto a Santiago en Portugal, na Historia da Arte na Alta Idade Media e no tempo románico en Portugal.



José Augusto Coelho Abreu Costa, Licenciado en Historia – Ramo Científico pola Universidade Portucalense, Infante D. Henrique. Mestrado en Conservación e Restauo na Universidade Portucalense, Infante D. Henrique e, Mestrado en Historia de Arte na Facultade de Letras da Universidade do Porto. De 2002 a 2005 colaborou coa Divisão de Cultura, Biblioteca e Património Histórico da Câmara Municipal de Ovar, realizando o inventario do Patrimonio Sacro. Do 2010 ao 2015 exerceu funcións de intérprete do patrimonio na Rota do Románico/VALSOUSA – Asociación de Municipios do Vale do Sousa. Entre o 2015 e o 2018 colaborou con o MASA – Museo de Arte Sacra e Arqueoloxía/ Igrexa de São Lourenço (Porto) e fundou a empresa Vallis Patrimonium.

A QUÉN ESTÁ DIRIXIDO?

As xornadas están abertas a todo o público en xeral, tanto os axentes locais (turismo, concellos, etc) como á comunidade universitaria, aos profesionais, e en xeral a todos aqueles interesados no rol da paisaxe, o patrimonio e no desenvolvemento socioeconómico dos territorios, especialmente no da Ribeira Sacra e o Camiño de Santiago.

LUGAR

Parador Nacional de Monforte de Lemos.
Plaza Luis de Góngora y Argote, s/n 27400.
Monforte de Lemos (Lugo)



ACTIVIDADE GRATUITA

As persoas interesadas deberán inscribirse na páxina web www.juanadevega.org antes do día 11 de novembro de 2019.

Máis info: 981.65.46.37 / info@juanadevega.org



PROGRAMA DA XORNADA DE DIVULGACIÓN



A IMPORTANCIA DO ROMÁNICO NO CAMIÑO DE INVERNO

PARADOR NACIONAL DE MONFORTE DE LEMOS
15 E 16 DE NOVEMBRO DE 2019

INTRODUCCIÓN

A Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega co patrocinio da Axencia de Turismo de Galicia, no marco do programa O teu Xacobeo para a realización de proxectos de dinamización do Xacobeo 2021, organiza a xornada “**A importancia do románico no Camiño de Inverno**”, que se celebrará os días 15 e 16 de novembro no Parador Nacional de Monforte de Lemos.

O CAMIÑO DE INVERNO E A RUTA DO ROMÁNICO



Camiño de inverno é a entrada natural a Galicia dende a meseta seguindo o cauce do río Sil, un acceso xa utilizado polos romanos e posteriormente polos peregrinos a Santiago como alternativa ao coñecido Camiño Francés. Pénsase que puido xurdir como alternativa aos cumes nevados do Cebreiro, e tamén para evitar os desbordamentos frecuentes dos ríos do val do Valcarce.

Segundo os datos da Oficina do Peregrino, os peregrinos que chegaron a Santiago polo Camiño de Inverno foron 555 en 2017 e 703 no 2018. Este dato supón que unicamente o 0,18% dos camiñantes escollen este percorrido fronte a outras alternativas.

Convén salientar a importancia deste Camiño no que se refire ás súas calidades paisaxísticas e culturais dado que percorre, no tramo galego: o Parque Natural da

Enciña da Lastra, a contorna natural do río Deza, e a Ribeira Sacra, recentemente declarada **Ben de Interese Cultural** na categoría de paisaxe cultural, e que aspira á condición de **Patrimonio Mundial da UNESCO**. Precisamente é na Ribeira Sacra onde está a maior concentración do románico rural de Europa, froito da colonización monacal a partir do século VIII.

Entre os tesouros relixiosos cabe destacar o **Mosteiro de Santa María de Ferreira de Pantón** onde as monxas continúan vivindo en comunidade desde o ano 1175, aínda que a súa fundación remóntase ao século X, sendo o único mosteiro no que isto ocorre en toda España. Outros mosteiros pasaron por múltiples vicisitudes e algún deles transformouse recentemente para iniciar unha nova vida vinculada á sociedade actual: a actividade turística, que fixo que o Parador de Monforte de Lemos ocupe o antigo **Mosteiro de San Vicente do Pino** e en **Santo**

Estevo de Ribas de Sil (Nogueira de Ramuín) o Mosteiro do mesmo nome. O resto de mosteiros están a ser potenciados para desenvolver un turismo cultural, sendo exemplar o que se fixo no **Mosteiro de San Pedro de Rocas**, o máis antigo de toda Galicia, coas súas tumbas antropomórficas aflorando dentro e fóra do recinto, no que se habilitou un centro de interpretación que axuda a entendelo e gozalo, e como ocorre tamén no de **Santa Cristina de Ribas de Sil**, rodeado de soutos milenarios, con actividades culturais programadas durante case todo o ano. Outros aínda non tiveron esa sorte, pero están a iniciarse neste camiño de recuperación grazas á



Santa Cristina de Ribas de Sil

actividade turística de rutas guiadas, que para aquel que ten o acerto de elixilas, móstranlle un mundo realmente sorprendente e pouco coñecido dos valores da Ribeira Sacra.

Con todo, a pesar da gran concentración monástica do románico da Ribeira Sacra e da súa importancia cultural e singular, a Ribeira Sacra non está incluída na rede **Trasrománica ou Ruta Cultural Europea do Románico (The Romanesque Routes of European Heritage)**, sendo, como se indicou, onde se localiza a maior concentración de románico rural.

É preciso, polo tanto, promover que o románico desta zona se integre nesta rede europea de Itinerarios Culturais e se vincule co Camiño de Inverno, conseguindo de forma sinérxica un dobre fin: poñer en valor o patrimonio cultural e natural da Ribeira Sacra e ofrecer un valor engadido aos peregrinos do Camiño de Inverno.

PROGRAMA

Venres 15 de novembro de 2019

- 
- 10.00 – 10.30 Inauguración
 - 10.30 – 11.30 Conferencia “O románico na paisaxe da Ribeira Sacra”. Isabel Aguirre. Directora da Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega
 - 11.30 – 12.00 Coloquio participativo
 - 12.00 – 12.30 Café
 - 12.30 – 13.30 Conferencia: “A Ruta Cultural Europea do Románico”. Rosário Correia Machado. Coordinadora das xornadas
 - 13.30 – 14.00 Coloquio participativo
 - Xantar
 - 16.00 – 19.00 Visitas Culturais no Camiño de Inverno e a Ruta do Románico da Ribeira Sacra.

Sábado 16 de novembro de 2019

- 10.00 – 11.00 Conferencia. “Una frontera que no existe. Nexos gallegos en el arte románico portugués”. Paulo Almeida Fernandes. Centro de Estudos en Arqueoloxía, Artes e Ciencias do Patrimonio da Universidade de Coimbra
- 11.00 – 11.30 Coloquio participativo
- 11.30 – 12.00 Café
- 12.00 – 13.00 Conferencia: “Rota do Românico – Repositório Artístico na visita interpretada”. José Augusto Costa. Historiador e Guía Interprete da Rota do Románico
- 13.00 – 13.30 Coloquio participativo e reflexiones conxuntas
- 13.30 – 14.00 Conclusións e propostas de integración da ruta do románico da Ribeira Sacra na Ruta Cultural Europea del Románico